

¿QUE É A MANCOMUNIDADE DE MONTES?

A Mancomunidad de Montes Veciñais en Man Común de A Paradanta foi fundada o 23 de abril do ano 2005 co fin de promover iniciativas e defender intereses comúns dentro do territorio ó que que pertencen as Comunidades de Montes Veciñais en Mán Común de Achas, Luneda, Parada de Achas e Valeixe do Concello de A Cañiza, e as Comunidades de Montes Veciñais en Mán Común de Paraños, A Lamosa e Prado da Canda do Concello de Covelo.



OBJECTIVOS E FINS DA MANCOMUNIDADE:

1º Coordinar as actividades das Comunidades veciñais que a integran, velando porque observen a legalidade vixente que lles sexa aplicable e os seus respectivos Estatutos.

2º Servir de nexo de unión entre as distintas Comunidades veciñais con fin de manter contactos e intercambio de experiencias que contribúan ó enriquecemento dos coñecementos que melloren a actividade da xestión.

3º Tratar de que cada unha das Comunidades membros sirvan ó máximo ós fins previstos nos seus respectivos Estatutos.

4º Promover e planificar actuacións de ordenación, planificación, e xestión dos distintos usos do medio natural, forestal, agrario, gandeiro ou doutro tipo con fin de compatilizar os distintos aproveitamentos de interese para as Comunidades veciñais integrantes, respetando os principios de máxima renda, usos múltiple do monte e persistencia.

5º Acadar unha adecuada regulación dos usos do solo co consenso das Comunidades veciñais integrantes e as posibles asociacións gandeiras que elimine os conflitos existentes.

6º Aprobación dun plan de xestión do pastoreo eliminando o gando non autorizado.

7º Adopción de medidas encamiñadas á prevención de incendios forestais, pragas e enfermidades.

8º Solicitar axudas, subvencións e colaboración dos organismos públicos para servicios comúns ás Comunidades veciñais integrantes; así como para estudo do territorio e defensa do medio ambiente e cantas outras redunden en beneficio da Mancomunidad e as Comunidades membros.

9º Defender os intereses da Mancomunidad ante agresións externas non autorizadas relativas á utilización dos recursos ou outras.



¿QUE É A CERTIFICACIÓN FORESTAL?

Proceso voluntario mediante o que unha terceira parte independente da xestión forestal certifica, a través de auditorías, o cumprimento das normas de xestión forestal sustentable. Dá lugar a unha declaración escrita (un certificado) que acredita a orixe da madeira sen elaborar e a súa situación e características. É un instrumento de mercado que lles garante dun xeito demostrable aos consumidores que ese recurso forestal provén de montes xestionados dunha forma sustentable.

O obxectivo da certificación é que quen a adopta poida contrastar as súas prácticas de ordenación forestal coas normas estipuladas e demostrar o seu cumprimento. A certificación da xestión forestal sustentable pode servir tamén para validar a afirmación dun produtor de que aplica prácticas respectuosas co medio ambiente ou para proporcionar datos contrastados dun xeito obxectivo sobre os produtos madeireiros e o bosque do que proceden. A superficie forestal certificada en Galicia abrangue preto das 120.000 ha.

Independentemente do sistema, a certificación forestal baséase na auditoría da implantación da xestión forestal sustentable (XFS), termo definido por primeira vez na Conferencia Ministerial para a Protección dos Bosques en Europa que tivo lugar en Helsinki no ano 1993: "A administración e o uso dos bosques e terreos forestais, dun xeito e cunha intensidade tales que manteñan a súa biodiversidade, produtividade, capacidade de rexeneración e vitalidade e a súa capacidade para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes, a escala local, nacional e global, sen ocasionar prexuízos a outros ecosistemas".

Un dos elementos fundamentais na implantación da XFS radica na ordenación do monte, e especialmente nos instrumentos de xestión dos montes, onde se recollen as directrices que deben ter en conta a multifuncionalidade na súa triple vertente: ambiental, económica e social.

CERTIFICACIÓN XFS + CADEA DE CUSTODIA

Certificación da sustentabilidade da ordenación forestal - Certificación XFS: A certificación da XFS abrangue o inventario forestal, a planificación da ordenación, a silvicultura, o aproveitamento, a construción de estradas e outras actividades relacionadas, así como as repercusións ecolóxicas, económicas e sociais das actividades forestais.

Certificación dos produtos - Certificación da Cadea de Custodia: A certificación da cadea de custodia é o seguimento da madeira en rolo e dos produtos madeireiros elaborados a través das distintas fases do proceso de subministración.

A certificación forestal, na actualidade, é un proceso voluntario, porén a implantación de sistemas que certifiquen a XFS proporciona unha serie de vantaxes e beneficios para todos porque a certificación forestal:

- Promove a conservación e a mellora das masas forestais.
- Mellora a competitividade e aporta un valor engadido aos produtos ao dotalos de garantías

medioambientais.

-Coa agrupación, facilita a ordenación e abarata os custos de implantación da xestión forestal sustentable.

-Establece niveis de calidade e seguridade dos produtos e servizos certificados.

-Os montes, ademais de producir madeira, producen pasto, resina, rollas, leña, biocombustible. Todos estes produtos xeran beneficios para as persoas, emprego e benestar social.

-O coidado do contorno permite o desenvolvemento das poboacións rurais, así como novas formas de lecer relacionadas coa natureza.

Os dous principais sistemas de certificación son PEFC (Programme for the Endorsement of Forest Certification schemes ou Programa para o recoñecemento da Certificación Forestal) e FSC (Forest Stewardship Council ou Consello de Administración Forestal).

AS BOAS PRACTICAS FORESTAIS

Prácticas habituais de actuación que aplica un silvicultor responsable na zona na que exerce a súa actividade, e serven como marco de referencia para o desenvolvemento dunha Xestión Forestal Sustentable compatible co medio ambiente, acorde cun uso racional dos recursos forestais.

Establécense como recomendacións xenéricas o grupo de accións ou actuacións que deberá realizar o conxunto dos axentes involucrados na xestión forestal para satisfacer os criterios e indicadores de sustentabilidade descritos na Norma UNE 162002-1 de Xestión Forestal Sustentable. En función do obxectivo, distínguense tres axentes principais:

-Xestor forestal: persoa física ou xurídica responsable das operacións de xestión do recurso e da empresa forestal, así como do sistema e estrutura de xestión, da planificación e dos traballos de campo. Neste caso a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de

Montes e Industrias Forestais pertencente á Consellería do Medio Rural.

-Empresas de servizos forestais: aquelas empresas cuxas actividades céntranse na execución de proxectos, obras e servizos para a conservación, protección e mellora do medio natural tales como as repoboacións, reposicións de marras, desbroces, podas, clareos, tratamentos fitosanitarios, fertilizacións...

-Empresas de aproveitamento forestal: aquelas empresas que teñen por actividade básica a compra de madeira ao propietario forestal, a súa corta, preparación, clasificación e distribución entre as distintas industrias responsables da transformación.



A CERTIFICACION FSC

-A xestión forestal ambientalmente responsable asegura que o aproveitamento de produtos forestais madeirables e non madeirables contribúe a manter a biodiversidade, a produtividade e os procesos ecolóxicos do monte.

-A xestión forestal socialmente beneficiosa axuda a que as poboacións locais, así como a sociedade no seu conxunto, gocen dos beneficios do monte a longo prazo e proporciona, ademais, incentivos para que as comunidades conserven os recursos forestais e se involucren nos plans de xestión.

-A xestión forestal economicamente viable implica que as operacións forestais se estruturen e se administren de xeito que sexan suficientemente rendibles, sen que os beneficios económicos se xeneren a expensas do recurso forestal, do ecosistema ou das comunidades afectadas.

A CERTIFICACION PEFC

-Promover a Xestión Forestal Sustentable das masas forestais, por ser unha xestión axeitada para o medio ambiente, socialmente beneficiosa e economicamente viable.

-Fortalecer e mellorar a imaxe positiva do bosque e da madeira como materia prima renovable.

-Garantir aos consumidores a procedencia dos produtos de masas forestais xestionadas dun xeito sustentable



PAXINA WEB DA MANCOMUNIDADE:

BUSCAR BLOG | MARCAR BLOG | COMPARTIR | Siguiente blog»

MANCOMUNIDADE A PARADANTA

COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Novas da Consellería do Medio Rural:

- [Comezan na Toxa as xornadas de seguimento de proxectos de investigación dos parques nacionais](#)
- [AGADER tramitou xa os primeiros pagos aos grupos de desenvolvemento rural xestores dos Leader 2007-2013](#)
- [Extinguidos de madrugada os incendios rexistrados nos concellos de Dozón \(Pontevedra\) e Cualedro \(Ourense\)](#)
- [Medio Rural aposta por potenciar a Indicación Xeográfica Protexida Lacón Galego](#)
- [O DOG publica hoxe unha orde de Medio Rural pola que se amplía a dotación orzamentaria das axudas para o sector equino](#)

Bénvido, ti es o visitante número:

957

[Estadísticas blog](#)



CONTACTA CON NOS:

Tfno.: 609 20 71 74
email: manparadanta@gmail.com

[HTTP://MANCOMUNIDADPARADANTA.BLOGSPOT.COM/](http://mancomunidadparadanta.blogspot.com/)



PARA LEMBRAR:

Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común

Artigo 2

Os montes veciñais en man común son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables, e non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social, de acordo co artigo 2.1 da Lei 55/80.